
A UNIVERSIDADE DA CORUÑA IMPARTIRÁ O PRIMEIRO MÁSTER EN XERONTOLOXÍA 2010-2012

- Actualizado (20.09.2010)

Para dar resposta á demanda de profesionais que o envellecemento da poboación require, a Universidade da Coruña impartirá este curso 2010-2012 un novo Máster en Xerontoloxía que ofrece aos seus alumnos unha saída profesional especializada nun sector de enorme desenvolvemento. Este máster inclúese dentro do Posgrao Oficial en Xerontoloxía, que ofrece tres especialidades: o Máster en Xerontoloxía Clínica, con título outorgado pola UDC, o Máster en Xerontoloxía Social, outorgado pola USC e o Máster en Xerontoloxía con título outorgado por ambas as dúas universidades galegas.

(+)